

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES Plurilingüe As Bizocas	O Grove	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Cultura clásica	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A materia de Cultura Clásica impártese por vez primeira na etapa para o alumnado do curso de 3º da ESO con tres sesións semanais, e aínda que no IES As Bizocas os grupos adoitan ser reducidos nesta optativa, durante o curso 2022-23 tentárase achegar ao alumnado os contidos de xeito que podía servir de acicate para a recuperación da optativa de Latín de 4º, que ven de perderse. A motivación do alumnado e a achega lúdica aos contidos propios da materia, dende unha visión transversal constituirán unha prioridade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir o mundo grecorromano desde as facetas xeográfica e histórica, localizándoo no espazo e no tempo mediante o uso da cartografía e os eixes cronolóxicos para que sirva de punto de partida do resto de coñecementos.	2		4			1		
OBX2 - Recoñecer as influencias da mitoloxía clásica analizando a literatura, o cinema, o teatro, a publicidade, a arte en xeral e mesmo aspectos da vida cotiá, para entender a orixe deses elementos herdados e usalos correctamente.				2	3-4-5			1-2
OBX3 - Identificar de maneira xeral etapas e estilos a través de obras salientables da arte grecolatina para recoñecer e interpretar eses elementos en exemplos doutras épocas ou movementos artísticos e culturais.								1-2
OBX4 - Recoñecer os elementos presentes do pasado grecolatino en aspectos actuais tales como a política, os usos e costumes da sociedade, a situación da muller, o dereito, a educación e as formas de lecer, establecendo comparacións para comprender mellor o mundo que nos rodea.	2					1-2		
OBX5 - Tomar conciencia do valor das linguas clásicas, a través da súa perspectiva etimolóxica e como elemento transmisor das civilizacións grega e romana, para non esquecer que foron linguas vivas e que, nalgunha medida, seguen a selo.	4	2-3						
OBX6 - Apreciar o mundo grecorromano mediante a investigación da súa herdanza actual de forma que se respecte e valore o que representa o legado e o patrimonio do mundo clásico e a obriga como cidadáns que temos de preservalo e transmitilo á posteridade.	1-3	3		1-3	3-4-5		3	

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xeografía e Historia de Grecia e do Imperio Romano	<p>Marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia. Localización nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana. Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico.</p> <p>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</p> <p>Marco histórico da civilización romana: Monarquía, República e Imperio.</p> <p>Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes.</p> <p>Presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica.</p> <p>A romanización de Hispania e a da Gallaecia.</p>	18	20	X		
2	Mitoloxía grecorromana	<p>osmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano.</p> <p>Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Pervivencia da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade.</p> <p>Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos.</p> <p>Relixión romana: culto público e privado.</p> <p>Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.</p>	10	10	X	X	X
3	Arte grecorromana	Fundamentos e etapas da arte clásica.	10	10	X	X	X
4	Política e espectáculos públicos en Grecia e Roma	<p>Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións.</p> <p>Presenza da civilización grecolatina na organización política actual Os espectáculos públicos en Grecia e Roma.</p>	16	15		X	X
5	Sociedade	<p>Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude.</p> <p>A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller.</p> <p>Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo.</p> <p>Presenza da civilización grecolatina na organización social actual.</p>	8	8	X	X	
6	As linguas no mundo clásico	<p>Familias lingüísticas. As línguas romances. Composición e derivación culta de orixe grega e latina.</p> <p>Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.</p>	22	26	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	As linguas no mundo clásico	Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas Fórmulas básicas de saúde en latín e/ou grego, e fraseoloxía básica do mundo escolar.	22	26	X	X	X
7	Literatura e escritura no mundo antigo	Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes. Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino.	16	16	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xeografía e Historia de Grecia e do Imperio Romano	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	Describe os marcos xeográficos en que se desenvolven as civilizacións grega e romana ao longo da súa historia.	TI	100
CA1.2 - Localizar nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	Localiza nun mapa en soporte papel e dixital fitos xeográficos e enclaves concretos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana		
CA1.3 - Identificar, describir e explicar o marco histórico e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.	Identifica a cronoloxía básica e as etapas en que se desenvolven as civilizacións grega e romana.		
CA1.4 - Identificar as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos.	Identifica as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, e sitúa nun eixe cronolóxico feitos históricos		
CA1.5 - Identificar as características fundamentais da romanización de Hispania e Gallaecia.	Identifica as principais características de cada período da historia de Grecia e Roma, o papel que desempeñan os seus protagonistas e saber situar nun eixe cronolóxico feitos históricos		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Marco xeográfico das civilizacións grega e romana. - Marco histórico da civilización grega: das civilizacións minoica e micénica ao mundo helenístico. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Marco histórico da civilización romana: monarquía, república e imperio. Etapas, feitos importantes e mulleres e homes relevantes. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.

UD	Título da UD	Duración
2	Mitloxía grecorromana	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina.	Identifica os principais deuses e deusas da mitoloxía grecolatina	TI	100
CA2.2 - Recoñecer os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos mitos e os heroes doutras culturas e os actuais. Orixes e funcións.	Recoñece os mitos e os heroes grecolatinos e establecer semellanzas e diferenzas cos actuais.		
CA2.3 - Comparar as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais.	Compara as características da relixiosidade e da relixión grega coas actuais		
CA2.4 - Describir os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións do culto privado.	Describir os fundamentos da relixiosidade romana		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Recoñece a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas obras artísticas actuais		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza traballos de investigación iconográfica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmogonía. Teogonía. O panteón grego e romano. - Mitos grecolatinos. Orixes e funcións. Os heroes e heroínas. Perduración da mitoloxía nas manifestacións artísticas, literarias e na publicidade. - Relixión grega: cultos, santuarios e oráculos. - Relixión romana: culto público e privado. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte grecorromana	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Distinguir as características fundamentais da arte clásica e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	Comprende as ordes e cánones de beleza clásicos.	TI	100
CA3.2 - Identificar as características máis salientables da arquitectura grecorromana en relación cos edificios máis singulares.	Coñece as tipoloxías constructivas grecorromanas básicas		
CA3.3 - Recoñecer as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade e identificar a súa temática en obras representativas.	Recoñece as manifestacións escultóricas da arte grega e romana ao longo da Antigüidade		
CA3.4 - Diferenciar as creacións urbanísticas romanas das outras épocas, así como a súa rede viaria, facendo fincapé no contorno do alumnado.	Identifica exemplos de urbanismo romano na contorna		
CA3.5 - Saber localizar os principais monumentos clásicos do patrimonio español e europeo.	Localiza monumentos clásicos na península ibérica		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza traballos de investigación sobre a arte clásica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos e etapas da arte clásica. - Arquitectura en Grecia e Roma: tipos de edificios e ordes arquitectónicas. - Escultura en Grecia e Roma: etapas, estilos e temáticas. - Enxeñería romana: obras públicas e urbanismo. Vías romanas. - Herdanza clásica no patrimonio artístico en Europa en xeral e en Galicia en concreto. - Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	Política e espectáculos públicos en Grecia e Roma	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais.	Identifica as características das principais formas de organización política presentes no mundo clásico, e establecer semellanzas e diferenzas entre elas e cos sistemas políticos actuais	TI	100
CA4.5 - Identificar as principais formas de lecer da Antigüidade e comparalas coas actuais.	Identifica as principais formas de lecer da Antigüidade e compáraas coas actuais.		
CA4.6 - Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.	Estabelece semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Recoñece as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza traballos de investigación sobre a pegada clásica nas manifestacións culturais da contorna.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización política en Grecia e en Roma: formas de goberno e institucións. - Os espectáculos públicos en Grecia e Roma. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
5	Sociedade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Distinguir as características e a evolución das clases sociais en Grecia e Roma.	Diferenza as clases sociais en Grecia e Roma	TI	100
CA4.3 - Describir a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	Describe a composición e roles da familia grega e romana		
CA4.4 - Coñecer os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma.	Coñece os trazos máis salientables da vida cotiá en Grecia e Roma		
CA6.1 - Recoñecer a presenza da civilización clásica nas artes e na organización social e política.	Recoñece a presenza da civilización clásica nas obras de arte		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Recoñece as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Argumenta a pervivencia clásica na nosa civilización a partir das súas investigacións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sociedade en Grecia e Roma: clases sociais. A escravitude. - A familia en Grecia e Roma. Roles dos seus membros; situación da muller. - Vida cotiá en Grecia e Roma: vivenda, hixiene, alimentación, vestimenta e traballo. - Presenza da civilización grecolatina nas artes e na organización social e política actual. - Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
6	As linguas no mundo clásico	26

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Identificar a orixe común das linguas indoeuropeas, distinguir as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.	Distingue as linguas europeas romances das non romances e recoñecer a orixe grecolatina do léxico das linguas de España e doutras linguas modernas.		
CA5.3 - Distinguir e identificar latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais e facer evolucións desde o latín ao galego e ao castelán, tendo en conta os fenómenos fonéticos.	identifica latinismos, cultismos, semicultismos e termos patrimoniais		
CA5.4 - Utilizar con propiedade terminoloxía científico-técnica de orixe grecolatina e constatar o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas.	Constata o influxo das linguas clásicas en linguas non derivadas delas	TI	100
CA5.6 - Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.	Usar as fórmulas de saúdo e presentación en latín e grego e fraseoloxía básica da aula.		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza traballos de investigación sobre a derivación de palabras e fraseoloxía proposta		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Orixe do alfabeto. O alfabeto grego e o abecedario latino. - As linguas do mundo. O indoeuropeo e as súas familias lingüísticas. - As linguas romances. - Composición e derivación culta de orixe grega e latina. - Latinismos, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos. - Principais regras de evolución fonética do latín ao galego e ao castelán. - Léxico grecolatino na linguaxe común e na científica e técnica. - Presenza das linguas clásicas nas linguas modernas. - Fórmulas básicas de saúdo e presentación en latín e grego, e fraseoloxía básica do medio escolar. - Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

UD	Título da UD	Duración
7	Literatura e escritura no mundo antigo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Distinguir diversos tipos de escritura, comprender as súas funcións e a orixe do alfabeto e dos tipos de sistemas de escritura usados na actualidade e recoñecer a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	recoñece a presenza de elementos dos alfabetos grego e latino nos alfabetos actuais.	TI	100
CA5.5 - Identificar as principais características dos xéneros literarios grecolatinos, a súa influencia na literatura posterior e os fitos esenciais das literaturas grega e latina como base literaria da cultura europea e occidental.	Identifica as principais características dos xéneros literarios grecolatinos,		
CA6.2 - Coñecer a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	Coñece a perduración da mitoloxía e os temas lendarios nalgunha manifestación da arte actual (cómic, cinema, ópera, música...)		
CA6.3 - Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	Identifica a pegada romana na civilización actual		
CA6.4 - Investigar sobre a perduración da civilización clásica na contorna, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.	Realiza traballos de investigación sobre a pervivencia clásica na contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Historia da escritura. Tipos de escritura, materiais e soportes.
- Xéneros literarios grecolatinos: autores e obras principais.
- Mitoloxía e temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.
- Historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país. A presenza de Grecia e Roma na Península Ibérica. A romanización de Hispania e a da Gallaecia.
- Investigación sobre a perduración da civilización clásica na nosa cultura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A abordaxe dos contidos da materia de Cultura Clásica farase dunha maneira lúdica, que favoreza un proceso de ensino-aprendizaxe verdadeiramente significativo, baseado no experiencial. Basearase en situación de aprendizaxe variadas e creativas, que garantan a achega do alumnado aos contidos relacionándoos coa actualidade e outras materias, fomentando a interdisciplinaridade con proxectos nos que a investigación e maila creación estean no centro.

- Lecturas de textos clásicos ou referidos ao mundo grecorromano (fragmentos de obras orixinais, adaptacións, textos historiográficos, etc.) para traballar transversalmente a comprensión lectora e que ilustren os temas que se tratarán.

- Participación na aula do alumnado a través da expresión de ideas e reflexións, debates, presentacións... facendo especial fincapé no desenvolvemento da capacidade comunicativa en público (oratoria).

- Uso das tecnoloxías informáticas e de bibliografía para a busca de información como ferramenta de traballo, consulta e exercicio interactivo, propiciando con iso o afondamento nas técnicas de investigación, procura, selección e presentación da información tanto de forma oral como escrita ou visual.

- Recursos como a cartografía e a elaboración de eixes cronolóxicos tanto en formato papel como mediante recursos en liña, aplicacións que permiten percorridos virtuais polas localizacións máis destacadas do mundo grecorromano e visualizar vídeos sobre os contidos referidos especialmente ao primeiro bloque, así como dos lugares de culto marcados por unha contorna xeográfica moi particular e grazas a iso poderá conectarse a xeografía coa arqueoloxía, a relixión ou a mitoloxía, especialmente no caso do mundo grego.

- Proxectos de aprendizaxe cooperativa, nos que o alumnado terá a oportunidade de interactuar en grupos de traballo, acadando os obxectivos e resultados se todos os seus membros se esforzan ao máximo e son responsábeis da tarefa encomendada.

- Traballo interdisciplinar: a través dos contidos de lingua e cultura estableceremos relacións con outras materias do currículo, especialmente coas do eido humanístico (Lingua e Literatura castelá e galega, Historia e Arte, Xeografía...), artístico (Música, Educación Plástica e Visual) e coa materia de Educación Física. O tratamento do léxico e dalgúns temas de legado permitiranos achegarnos a materias do eido científico como Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas, Tecnoloxía, etc.

- Así mesmo, introducíranse actividades de recreación histórica e gamificación, que permitan ao alumnado unha achega aos contidos motivadora e transversal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos web aloxados na aula virtual (apuntes, recursos web, vídeos, presentacións...)
Recursos bibliográficos e cinematográficos (Fondos Biblioteca Escolar)
Motores de pesquisa en internet e equipos informáticos (Biblioteca Escolar)
Espazos polivalentes (Aula de Música e Aula O Mirador)
Materiais funxibles para os proxectos creativos e de recreación histórica
Equipos informáticos do centro

O método de traballo plantexado para a materia de Cultura Clásica, baseado en proxectos documentais e de investigación, traballo cooperativo e situación de aprendizaxe creativas fai que se optara por desbotar o libro de texto en favor de recursos fornecidos polo profesorado que sirvan de guía para a elaboración de ditas tarefas. Neste proceso terán especial importancia os fondos da Biblioteca Escolar e os recursos na rede, fomentando estratexias de selección, manexo e tratamento da información entre o alumnado. Asemade, requirirase de espazos polivalentes e flexibles para a realización das tarefas interdisciplinares e proxectos creativos, considerando que os espazos máis axeitados do centro son a Aula de Música e máis a denominada Aula O Mirador, xa que conta cun espazo escénico idóneo para dramatizacións, lecturas en público e exposicións orais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Xa que a materia é impartida por primeira vez na etapa o alumnado non ten por que aportar coñecementos previos sobre ela. Non entanto, valorarase nas primeiras semanas do curso o interese que os levou a cursala, o grao de coñecemento previo de contidos propios da Historia e da Arte Antiga (adquiridos en 2º da ESO) e o nivel de lectoescritura que presentan, xa que pode interferir no desenvolvemento da materia. A devandita avaliación realizarase por medio de debates, lecturas en voz alta e pequenas redaccións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	10	10	16	8	22	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a avaliación continua da materia farase na 1ª, 2ª e 3ª avaliacións a media ponderada seguinte:
 - 90%: media aritmética de todos os proxectos, tarefas, traballos ou exposicións, que serán expresadas sobre 10 puntos.

-10%: observación da actitude e implicación do alumnado recollida no diario de aula e expresada tamén nunha rúbrica sobre 10 puntos.

Na avaliacións 1ª, 2ª e 3ª as cualificacións serán expresadas no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento. Entenderase superada a avaliación para aqueles alumnos con cualificación igual ou superior a 5 puntos.

A cualificación final será o resultado da media aritmética das cualificacións (ata a centésima) obtidas nas tres avaliacións (ou nas súas recuperacións), podendo verse incrementado o promedio até 1 punto no caso daqueles alumnos que participaran activamente nas tarefas de carácter voluntario planificadas no período extraordinario (recreación dun banquete romano, desfile de personaxes mitolóxicas, comisariado dunha exposición de obras de arte con análise iconográfica...).

Entenderase superada a avaliación final para aqueles alumnos con cualificación igual ou superior a 5 puntos no procedemento de avaliación continua, ou ben para aqueles que superen a proba de avaliación final prevista como procedemento de recuperación. No Xade e boletín de cualificacións finais dita cualificación expresarase empregando o procedemento de redondeo á unidade seguinte.

Crterios de recuperación:

O alumnado con cualificacións negativas nalgunha das avaliacións poderá recuperalas entregando de novo durante o seguinte trimestre aquelas actividades que recibiron unha cualificación negativa. Só se considerará recuperada a avaliación cando todas as tarefas estean entregadas e o seu promedio supere a cualificación de 5 puntos.

Xa que se suprimiu a convocatoria extraordinaria, deberán realizar a proba de avaliación final da materia aqueles alumnos cuxo promedio polo procedemento de avaliación continua fose inferior a 5 puntos ou aqueles que desexen incrementar a súa cualificación. A proba de avaliación final da Materia de Cultura Clásica consistirá na realización dun cuestionario sobre os contidos mínimos e a entrega de novo de todas as tarefas realizadas ao longo do curso escolar. Só se considerará recuperada a materia cando o promedio de todas as tarefas entregadas e máis a realización do devandito cuestionario equipare ou exceda a cualificación de 5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai ningún alumno cursando 3º ou 4º da ESO no centro que estea na devandita situación. En todo caso, a recuperación de pendentes consistiría nunha proba escrita a realizar durante o mes de abril, previa entrega de boletíns de tarefas por parte do Xefe de Departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

O principal obxectivo destas medidas é o seguimento do alumnado que require unha atención especial en función das súas características, motivacións ou circunstancias educativas e persoais, e o de aquel alumnado que permanece un ano máis no mesmo curso, seguindo o artigo 52 da Orde do 8 setembro 2021 de atención á diversidade no que se regula o plan específico personalizado para este alumnado.

Sendo a Cultura Clásica unha materia optativa, xa constitúe unha das vías que establecen resposta á diversidade de intereses e necesidades do alumnado. Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno ou alumna, traballando na medida do posible de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.

- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo emocional.
- Reunións periódicas do equipo docente convocadas polo profesorado titor. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- É fundamental e accesible tamén o reforzo da lectura comprensiva na nosa materia.
- Outras medidas como a ampliación e afondamento para alumnado que o requira, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, mesmo no que se refire a concrecións metodolóxicas, aínda que esta medida só se tomará despois de explorar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción.

Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos:

- alumnado con altas capacidades intelectuais.
- alumnado con necesidades educativas especiais.
- alumnado con integración tardía no sistema educativo.
- alumnado que permanece máis dun ano no mesmo curso.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante as fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- exercicios previos para comprender mellor a materia.
- exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.

Do mesmo xeito, ao alumnado que amose un especial interese, procurarase entregarlle material (todo tipo de recursos materiais e recursos en rede) para ofrecerlle a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e competencia dixital,	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Emprendemento social e empresarial			X	X			
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X		
ET.5 - Educación emocional e en valores		X	X	X	X		X
ET.6 - Igualdade de xénero		X	X	X	X		
ET.7 - Creatividade		X	X	X	X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.8 - Educación para a paz	X			X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais son valores que teñen unha traxectoria histórica e, baixo o exemplo civilizador do mundo clásico, intégranse no currículo desde a perspectiva dos contidos de Grecia e Roma e tradúcense nunha vontade permanente de exemplificar a través deles e destacar respecto a dereitos e liberdades fundamentais, á participación, á liberdade, a xustiza, a igualdade, ao pluralismo político, a paz e a democracia, desenvolvendo a través da metodoloxía do currículo unha educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a tolerancia e o recoñecemento da diversidade e rexeitamento a calquera forma de violencia.

É importante mencionar o interese que a metodoloxía do currículo ten en educar a capacidade de escoita activa, a empatía e o diálogo. Igualmente o autocontrol no uso das tecnoloxías da información e a comunicación, a convivencia e os hábitos de vida saudable, motivando o espírito emprendedor que xera un emprego sostible a través dunha posta en valor e uso respectuoso da herdanza clásica que o rico patrimonio clásico atesoura.

Como eixos vertebradores deste apartado, teranse en conta a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento, a educación emocional, a igualdade de xénero e a creatividade.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Teatro de sombras	Traballo de dramatización baseado no relato da Casa Encantada de Plinio.
Exposición de obras de arte con iconografía clásica	Comisariado e visitas guiadas á exposición de obras de arte previamente analizadas, centrándose na iconografía e os momentos das historias mitolóxicas que narran
Desfile mitolóxico	Desfile de entroido comentando a vestimenta e atributos de deuses e heroes do panteón grecorromano
Cena romana	Recreación histórica dun banquete romano
Obradoiro de musivaria e domus romanas	Elaboración de maquetas de domos romanas e pequenos mosaicos
Ágora: a muller na ciencia no mundo antigo	Protección e cineforum do filme na semana da Muller e a nena na ciencia

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado e adaptado á avaliación inicial
O alumnado participou en proxectos colaborativos e promoveuse o traballo en pequeno e grande grupo
Atendeuse á diversidade

O proceso de ensino-aprendizaxe partiu do experiencial
Empregáronse variedade de recursos e materiais
O alumnado estivo motivado cos proxectos e situacións de aprendizaxe propostas
Vencelláronse os contidos da materia con outras, fornecendo un enfoque transversal
A secuenciación de contidos resultou práctica e organizada para o alumnado
As actividades complementarias resultaron atractivas para o alumnado
O clima acadado na aula foi de traballo, resolución de dúbidas e aproveitamento das sesións de traballo

Descrición:

A lista de cotexo anterior avaliarase segundo unha escala do 1 ao 10

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisarase e avaliarase a programación con carácter mensual e trimestral, debendo adaptala aos ritmos de traballo do alumnado e á evolución do curso.

9. Outros apartados